



NOVAS

NOTA INFORMATIVA DO 31 DE MAIO DE 2019.

PROCESO DE ACEPTACION OU RENUNCIA DE PRAZA E PROCEDIMENTO DE PAGO CONVOCATORIA ALUMNADO 3º ESO PROGRAMA “VIGO EN INGLÉS 2019”.

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 30/05/19, adoptou o acordo de aprobar as listaxes definitivas de alumnado de 3º ESO seleccionado para participar no programa “VIGO EN INGLÉS 2019”, polo que todos aqueles alumnos/as que resultaron adxudicatarios/as, **NO PRAZO CONTADO DENDE O LUNS 3 DE XUÑO ATA A DATA LIMITE DO VENRES 7 DE XUÑO,** deberán tramitar o Anexo V de aceptación / renuncia de praza debidamente cuberto e asinado e naqueles casos que proceda, realizar o pago da achega familiar que foi comunicada vía SMS e e-mail.

- **ALUMNOS/AS BENEFICIARIOS/AS EXENTOS/AS DE PAGO:** Tramitarán en prazo o Anexo V coa aceptación expresa ou renuncia da praza, que xestionarán vía telemática no sitio web <http://vigo.org/vigo-ingles>, ou poderán remitilo vía rexistro (electrónico ou presencial).
- **ALUMNOS/AS BENEFICIARIOS/AS CON PAGO DE PREZO PÚBLICO:** Tramitarán vía telemática no sitio web <http://vigo.org/vigo-ingles> o pagamento da contía asignada de achega familiar, ben a través da pasarela bancaria ou xerando o recibo de pago para posteriormente efectuar o mesmo de xeito presencial nas seguintes entidades bancarias colaboradoras (Abanca, Banco Pastor, Banco Popular, Banco de Sabadell, Banco de Santander, Caixabank, Ibercaja, Novo Banco e BBVA).
Tamén cómpre que no citado enlace web se adxunte o Anexo V coa aceptación expresa da praza.

A non presentación dentro do prazo do Anexo V e/ou a non xustificación do ingreso da achega familiar que corresponda, implica a renuncia á praza adxudicada. Este pagamento non terá dereito a devolución da cantidade aboada no caso de renuncia posterior, agás causa grave debidamente acreditada co correspondente xustificante documental do motivo.

Todo aquel alumnado que procedente da lista de agarda da rede privada-concertada, sexa chamado a aceptar unha praza por baixa ou renuncia dun adxudicatario/a, deberá tramitar a mesma documentación anteriormente relacionada (anexo V de aceptación de praza e pago bancario que corresponda) no prazo que se lle indicará por parte do Servizo Municipal de Educación.